

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 8 DE MAIO DE 2008.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira (se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta).
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Edgar Antonio Vigo López (se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta).
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral (se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta).
D. Manuel Sánchez Martínez.

Interventora:

D^a Marta Roca Naveira.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e cinco minutos do día oito de maio de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta) e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora D^a Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente en manifesta que antes de entrar no estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, quere dar oficialmente en nome de toda a Corporación a benvida ao Concello á nova Interventora D^a Marta Roca Naveira.

De seguido pásase ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS REALIZADAS EN DATAS 6 DE MARZO E 3 DE ABRIL DE 2008.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinarias celebradas en datas 6 de Marzo e 3 de Abril de 2008, previamente remitidas coa convocatoria.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer unha aclaración respecto á acta do mes de marzo, xa que unhas palabras que dixo e que figuran transcritas na páxina 44 parece que se sacaron de contexto ou chegaron a oídos de alguén neste Concello e non lle soaba telas dito así, e agora á hora da lectura da acta lle confirma que efectivamente non o dixo ; di que na acta di: "...que tamén ve que desde o sindicato que apoia ao grupo do PSOE..", e que nen sequera fai falla aclaralo porque o sentido da acta, si se le, está suficientemente claro, pero quere deixar claro que cando estaba a falar disto estaba a falar precisamente da Policía local de Ferrol e se estaba a falar concretamente da UXT, non de ningún sindicato deste Concello nin de ninguén deste Concello; que estíbese tratando de dicir que a UXT en Ferrol apoia unha determinada postura na Policía Local, que é precisamente que esa Lei de coordinación de policía locais non ten que ir á mesa negociadora, en cambio noutros Concellos como o de Sada, esa lei si a queren levar á mesa negociadora, e que a iso concretamente se refería, e non a outra cousa, aínda que no sentido da acta se entende perfectamente, pero que o di por deixalo aclarado ; que non é ningunha corrección á acta.

Non producíndose máis intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a aprobación das actas das sesións celebradas en datas 6 de marzo de 2008 e 3 de abril de 2008, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista o resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións celebradas en datas 6 de marzo de 2008 e 3 de abril de 2008.

2º.- DACIÓN DE CONTA DA CLÁUSULA INTERPRETATIVA DO CONVENIO DE REVISIÓN DO SISTEMA DE PAGO E DO PREZO DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE AO CONCELLO DE FENE POLO CONCELLO DE FERROL ASINADO O 21 DE DECEMBRO DE 2007

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da cláusula interpretativa do convenio de revisión do sistema de pago e do prezo da subministración de auga potable ao Concello de Fene polo Concello de Ferrol asinado o 21 de Decembro de 2007, asinada no Concello de Ferrol en data 23 de abril de 2008.

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta que cando se asinou o convenio da auga entre o Concello de Ferrol e os demais Concellos da ría para o prezo da auga, incluíuse o prezo da auga sen IVE, e que unha vez chegaron as facturas ao Concello isto xeraba algún tipo de problema á hora de autorizar o pago polo que se fixo unha nota aclaratoria asinada polos dous Alcaldes, o de Fene e o de Ferrol dicindo que o prezo que figuraba no convenio era o prezo sen IVE e, polo tanto ,na facturación se incorporaría o IVE e se aboaría o prezo da auga; di que simplemente é unha cuestión técnica, para poder darlle saída correcta á facturación que Emafesa lle remite ao Concello de Ferrol cada mes.

3º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 285/2008 DE DATA 28 DE ABRIL DE 2008.-

Seguidamente, pola Presidencia dáse conta da Resolución da Alcaldía número 285/2008 de data 28 de Abril de 2008 que transcrita di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 285/2008.

Vista a Orde do 18 de marzo de 2008 (DOG nº60 do 28.03.2008) da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria.

Vista a documentación presentada polo Servizo de Servizos Sociais municipais, na que se recollen as actividades a desenvolver no ano 2008.

Visto o expediente tramitado

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Solicitar ao abeiro da Orde do 18 de marzo de 2008 (DOG nº60 do 28.03.2008) da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e do disposto no seu artigo 5º e 10º.1.1.a) a renovación da subvención concedida durante o exercicio anterior, e continuar na prestación dos servizos nas mesmas condicións do ano anterior, para garantir a continuidade dos programas e prestacións dos servizos sociais ao longo do ano.

SEGUNDO.- O importe total da axuda solicitada (*incluída a derivada da renovación a que se refire o punto anterior*) á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar é de **DUASCENTAS CINCUENTA E NOVE MIL SETECENTAS CINCUENTA E DÚAS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (259.752,71€)**, dun orzamento total de 437.140,72 € destinado a persoal, servizo de axuda no fogar, realización de programas destinados á prestación de servizos sociais, para os fins que se reflicten polo míudo na documentación que figura no expediente e sucintamente na seguinte relación:

Concepto/Programa	Subvención Solicitada	Achega Municipal + outras Administracións públicas	Remanente exercicios anteriores	Custo por Conceptos
1.- Persoal	79.986,15	122.447,16	202.433,31
2.- Axuda no fogar	111.316,56	29.390,85	140.707,41
3.- Xestión de Programas:	68.450,008.	25.500		94.000,00.
3.1 Programas de axudas económicas ás familias.	19.550,00 48.900,00	19.550,00 6.000,00	39.100,00 54.900,00
3.2 Programa ANTA			
TOTAIS	259.752,71	177.388,01		437.140,72

TERCEIRO.- Adoptar o compromiso de consignar no orzamento do exercizo 2008 as contías correspondentes á aportación do Concello.

CUARTO.- Aceptar expresamente todos os requisitos e condicións establecidos na devandida Orde.

QUINTO.- Dar conta do presente acordo ao Concello Pleno na vindeira sesión que este celebre, de conformidade co disposto no artigo 10^o.1.1.a) da Orde do 18.03.2008.”

4^o.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DO FUNCIONARIO DON

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de marzo de 2008 que transcrito di:

“1^o.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DO FUNCIONARIO DON -----.

A continuación dáse conta da proposta da Sra. Alcaldesa accidental de data 27 de marzo de 2008 que, transcrita di:

“PROPOSTA

Visto o escrito remitido polo Sr. Alcalde do concello de Mugardos de data 18 de febreiro de 2008 (entrada 20 de Febreiro de 2008, núm. rexistro 1818), no que solicita concesión de compatibilidade para o desempeño do segundo posto de traballo nese Concello ao Aparellador Municipal D.-----.

Visto o escrito presentado por Don -----, funcionario deste Concello pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala técnica, Aparellador municipal, de data 25 de marzo de 2008, (entrada 18.03.08, núm. de rexistro2938) no que expón que en data 18 de febreiro de 2008 (rexistro xeral de entrada 1818, de data 20 de febreiro) solicítase a concesión de compatibilidade para o desempeño da segunda actividade no Concello de Mugardos, e solicita a compatibilidade para o desempeño da actividade privada de arquitecto técnico fóra do término municipal do Concello de Fene e máis concretamente no Concello de Mugardos.

Visto o informe de Intervención núm. 130/2008, no que informa que o complemento específico do funcionario citado supera o 30% da súa retribución básica.

Considerando que na relación de postos de traballo aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 30 de decembro de 1997, na ficha correspondente ao posto de aparellador/arquitecto técnico, especificase , entre outros requisitos do desempeño do posto, no apartado d) *“Requírese disponibilidad para o desempeño das funcións fóra do horario habitual de traballo”*.

Considerando que o artigo 145 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, dispón que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios de Administración Local é o establecido con carácter xeral para a función pública na Lei 53/1984, de 26 de decembro, e nas normas que se dicten polo Estado para a súa aplicación aos funcionarios da Administración Local.

Considerando que de conformidade có previsto no artigo 16 da Lei 53/1984, de 26 de decembro na súa redacción anterior á modificación do parágrafo 1 do mesmo operada pola Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (redacción anterior que resulta de aplicación á vista do disposto na disposición final cuarta da última das leis citadas que establece que a disposición final terceira 2 do citado Estatuto producirá efectos en cada Administración Pública, a partir da entrada en vigor do Capítulo III do Título III coa aprobación

das Leis da Función Pública das Administracións Públicas que se dicten en desenvolvemento de dito Estatuto, polo que ata que se fagan efectivos eses supostos a autorización ou denegación de compatibilidades continuará rexéndose pola normativa actual), non poderá autorizarse ou recoñecer compatibilidade algunha ao persoal que desempeñe postos que comporten a percepción de complementos específicos ou concepto equiparable coa excepción dos supostos de exercer como profesor universitario asociado, e o suposto de realizar actividades de investigación ou asesoramento contemplados no artigo 6 da propia Lei. Á vez o apartado 4 do precepto legal citado establece unha norma de excepción pola que, sen perxuízo das limitacións establecidas nos artigos 1.3, 11, 12 e 13 da propia Lei, permite a autorización de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos ou concepto equiparable cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribucións básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade e elo, como sinala a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco de data 16 de xullo de 2002, aínda que non se hobese considerado o factor de incompatibilidade na fixación do complemento específico.

Considerando que, dacordo co artigo 16 da Lei anteriormente citada, agás as excepcións contempladas no apartado 3 e 4 do mesmo, a percepción de complemento específico leva consigo a prohibición de toda actividade lucrativa, pública ou privada, como sinala a Sentenza do Tribunal Supremo de 7 de marzo de 2000 que, entre outras cousas, sinala *“... puesto que dicho precepto sobre incompatibilidades del personal del sector público prescribe de manera clara que no puede autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal que desempeñe puestos que comporten la percepción de complementos específicos o conceptos equiparables y al retribuído por arancel, lo cual supone que no se atiende a grados económicos en la fijación del complemento, sino a que éste lo perciba por ocupar un puesto de trabajo y en función de las características de éste, siendo objeto del legislador al regular el régimen de incompatibilidades, en la ley 53/1984, en desarrollo del art. 103.3 de la Constitución, preservar la imparcialidad y eficacia como principio de organización administrativa. También la Sala Tercera del Tribunal Supremo (Sentencia de 26 de marzo de 1993...) ha reconocido el auténtico sentido del invocado art. 16.1 de la Ley 53/1984 que es citado como infringido en la cuestión examinada, pues su aplicación no puede ser laxa, sino rigurosa y estricta para no desvirtuar la finalidad que late en la norma. La retribución complementaria asignada a un concreto puesto de trabajo, de complemento específico, implica un juicio previo de la Administración sobre la complejidad y relevancia de las funciones mediante aquél desempeñada, así como la dedicación a él debe prestar el funcionario que lo sirve, sin casuísticas excepciones en los casos en que se estime que el complemento específico de escasa cuantía y de poca entidad. Si se trata de un complemento que va dirigido a retribuir los conceptos y cualificaciones que dice el art. 23.3 b) de la Ley 30/1984, la permisión de un segundo puesto, bien en el sector público, bien mediante el ejercicio libre de actividad profesional en el sector privado, hará inoperante el designio tanto de imparcialidad del funcionario como de eficacia en el desempeño de su tarea y del servicio público encomendado. En consecuencia, tanto en la esfera estatal, como en la local, la imposición de dicho régimen, lleva consigo la grave consecuencia de la absoluta prohibición de toda actividad lucrativa pública o privada....”*

Considerando que no presente caso non concorre ningún dos supostos de excepción contemplado no artigo 16.3, toda vez que non se trata de actividade de profesor universitario asociado ni concorren os requisitos contemplados no artigo 6.

Considerando que á vista do informado pola Intervención municipal, ao exceder o complemento específico do funcionario solicitante do 30 % da súa retribución básica, concorre no mesmo o suposto impeditivo sinalado no artigo 16.4 da lei 53/1984.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Denegar a compatibilidade solicitada por Don ----- polos motivos expostos no parte expositiva do presente.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado con expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.”

Seguidamente dáse conta do informe de Secretaría de data 31 de marzo de 2008 que, transcrito dí:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asto: Solicitud de compatibilidade do funcionario Don -----.

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia, ten a ben emitir informe en base aos seguintes

ANTECEDENTES

I.- En data 20 de febreiro de 2008 ten entrada no Rexistro xeral do Concello escrito do Sr. Alcalde do Concello de Mugardos no que solicita deste Concello a concesión de compatibilidade por as razóns de interés público que pon de manifesto, para o desempeño da 2ª actividade nese Concello ao Aparellador municipal, Don ----- a tempo parcial, coa duración limitada a seis meses, como máximo, e en réxime laboral.

II.- En data 25 de marzo de 2008 (entrada 25.03.08 núm. rexistro 2938) por Don ----- preséntase escrito no que expón que en data 18 de febreiro de 2008 (rexistro xeral de entrada núm. 1818 de 20 de febreiro) solicítase por Xosé Fernández Barcia (Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos), a concesión de compatibilidade para o desempeño da segunda actividade no Concello de Mugardos así como que dita actividade realizaráse a tempo parcial, e con duración limitada, en horario que non interfira o desempeño do seu traballo no Concello de Fene e solicita a compatibilidade para o desempeño da actividade privada de arquitecto técnico fóra do termo municipal do Concello de Fene, e máis concretamente no Concello de Mugardos.

III.- Informe de Intervención núm. 130/2008, no que, entre outras cousas, se sinala que “..:A estos efectos, se informa que o complemento específico do posto do funcionario citado superan o 30% da súa retribución básica”.

IV.- Cómpre ter en conta aos efectos do que logo se dirá que Don -----é funcionario de carreira deste Concello pertencente á escala de administración especial, subescala técnica.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Lexislación aplicable:

- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Segunda.- O artigo 145 do TRRL dispón que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración local é o establecido con carácter xeral para a función pública na Lei 53/1984, de 26 de decembro, e nas normas que se dicten polo Estado para a súa aplicación aos funcionarios da Administración Local.

O artigo 16.1 da Lei 53/1984, de 26 de decembro na redacción actualmente vixente (a súa redacción modificóuse polo número 2 da disposición final terceira da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, se ben cómpre ter en conta que o número 2 da disposición final cuarta establece que a disposición final terceira de dito Estatuto producirá efectos en cada Administración Pública a partir da entrada en vigor do Capítulo III do Título III coa aprobación das Leis da Función Pública das Administracións Públicas que se dicten en desarrollo de dito Estauto) dispón que “ No podrá autorizarse o reconocerse compatibilidad alguna para el persoal que desempeñe puestos que comporten la percepción de complementos específicos o concepto equiparable, y al retribuído por arancel”.

Engade o parágrafo 2º do precepto legal citado que aos efectos do disposto en dito artigo, a dedicación do profesorado universitario a tempo completo ten a consideración de especial dedicación.

A regra xeral contida no parágrafo primeiro do artigo 16 ten as excepcións reguladas nos parágrafos 3º e 4º, que din:

“ 3.- Se exceptúan de la prohibición enunciada en el apartado 1 las autorizaciones de compatibilidad para ejercer como Profesor universitario asociado en los términos del apartado 1 del artículo 4º, así como para realizar las actividades de investigación o asesoramiento a que se refiere el artículo 6º de esta Ley, salvo para el personal docente universitario a tiempo completo.

4.- Asimismo, por excepción y sin perjuicio de las limitaciones establecidas en los artículos 1º, 3,11, 12 y 13 de la presente Ley, podrá reconocerse compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complementos específicos, o concepto equiparable, cuya cuantía no supere el 30 por 100 de su retribución básica, excluídos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad” .

Resulta, polo tanto ,que segundo o artigo 16 da Lei anteriormente citada, agás as excepcións contempladas nos apartados 3 e 4 do mesmo, a percepción de complemento específico leva consigo a prohibición de toda actividade lucrativa, pública ou privada.

Así, a a Sentenza do Tribunal Supremo de 7 de marzo de 2000, entre outras cousas, sinala “.... puesto que dicho precepto sobre incompatibilidades del personal del sector público prescribe de manera clara que no puede autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal que desempeñe puestos que comporten la percepción de complementos específicos o conceptos equiparables y al retribuído por arancel, lo cual supone que no se atiende a grados económicos en la fijación del complemento, sino a que éste lo perciba por ocupar un puesto de trabajo y en función de las características de éste, siendo objeto del legislador al regular el régimen de incompatibilidades, en la ley 53/1984, en desarrollo del art. 103.3 de la Constitución, preservar la imparcialidad y eficacia como principio de organización administrativa. También la Sala Tercera del Tribunal Supremo (Sentencia de 26 de marzo de 1993...) ha reconocido el auténtico sentido del invocado art. 16.1 de la Ley 53/1984 que es citado como infringido en la cuestión examinada, pues su aplicación no puede ser laxa, sino rigurosa y estricta para no desvirtuar la finalidad que late en la norma. La retribución complementaria asignada a un concreto puesto de trabajo, de complemento específico,

implica un juicio previo de la Administración sobre la complejidad y relevancia de las funciones mediante aquél desempeñada, así como la dedicación a él debe prestar el funcionario que lo sirve, sin casuísticas excepciones en los casos en que se estime que el complemento específico de escasa cuantía y de poca entidad. Si se trata de un complemento que va dirigido a retribuir los conceptos y cualificaciones que dice el art. 23.3 b) de la Ley 30/1984, la permisión de un segundo puesto, bien en el sector público, bien mediante el ejercicio libre de actividad profesional en el sector privado, hará inoperante el designio tanto de imparcialidad del funcionario como de eficacia en el desempeño de su tarea y del servicio público encomendado. En consecuencia, tanto en la esfera estatal, como en la local, la imposición de dicho régimen, lleva consigo la grave consecuencia de la absoluta prohibición de toda actividad lucrativa pública o privada....”.

No suposto examinado, segundo se sinala no informe de Intervención núm. 130/2008, o complemento específico do posto do funcionario supera o 30% da súa retribución básica, do que resulta que o citado posto ten asignado un complemento específico, superando éste, segundo informa a Intervención municipal o 30% da retribución básica.

En atención ao exposto, e tendo en conta a prohibición contida no artigo 16.1 da lei citada, ao ter asignado o posto desempeñado por Don -----complemento específico, non resulta axustado á lexislación vixente o recoñecemento da compatibilidade solicitada, xa que non se trata de ningún dos supostos de excepción contemplados no apartado 3 do art. 16 da Lei 53/1984 nin resulta legalmente posible a autorización de compatibilidade para a actividade privada de arquitecto técnico ao exceder, segundo informa a intervención municipal, o complemento de destino do posto do 30% da retribución básica.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmase desfavorablemente a solicitude de compatibilidade formulada, polo que a xuízo da que subscribe non procede a concesión da compatibilidade ao funcionario Don -----z.

É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.”

Aberto o turno de intervencións (.../...)

Rematadas as intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes dictaminar favorablemente a proposta da Sra. Alcaldesa accidental de data 27 de marzo de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que respecto a esta solicitude, aínda quee por parte do goberno non existía ningún problema en acceder ao solicitado, na medida en que entendían que os traballos a realizar no Concello de Mugar dos eran de interese público para unha corporación municipal e nun horario diferente ao de prestación de servizos do funcionario do Concello, sen embargo advertiuse no seu momento por parte de Intervención e de Secretaría da ilegalidade a concede-la compatibiliade, dado que a lexislación marca que os funcionarios e empregados da administración pública que desempeñen postos cuxo complemento específico supere o trinta por cento do seu volume total non é posible concedela; di que nese senso na comisión xa os grupos políticos manifestaron por unanimidade o parecer ; que por parte do goberno quere manifestar a mesma postura, que a vontade era outra e que a lexislación o marca con claridade; que os informes que no seu momento se fixeron por Intervención e por Secretaría eran claros e que a pesar diso pedíuse unha opinión externa a un xurista , que é

coincidente coas opinións expresadas polos técnicos municipais polo que o goberno adopta a única posición que cabe tomar neste sentido; que de tódolos xeitos quere informar que neste momento a realidade xa ten superado a decisión que se adopte e que por tanto os efectos prácticos serán nulos porque o traballador á vista das dificultades legais que presentaba xa comunicou hai algún tempo ao Concello de Mugarodos a súa imposibilidade de prestar eses servizos, e o Concello de Mugarodos buscou unha alternativa, polo que a decisión que se tome é meramente a efectos formais.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que manteñen a mesma postura que na comisión, pero que o que non saben nin se explican é por qué despois de dous informes tan contundentes como son os de Secretaría e de Intervención se pide un informe externo e se gastan os cartos do Concello nun informe externo que ,ao fin e ao cabo, ben a dicir o mesmo ,polo que non o consideran necesario e que cre que estes gastos son superfluos cando hai dúas profesionais como son a Secretaria e a Interventora que xa emitiron o seu informe que cre ademáis que foron axeitados.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que como xa ten comentado tanto neste como no de algún outro funcionario que solicitou a compatibilidade , se hai unha mínima posibilidade que se lle conceda estaría a favor de concedela, pero que vendo o informe da Secretaria que é negativo e o outro do equipo de avogados que tamén é negativo a única solución que queda é denegar a compatibilidade polos dous informes que son claros; di que se houberse unha mínima posibilidade arriscarían e votarían a favor da concesión da compatibilidade, pero que á vista dos informes votarán a favor de denegala..

Rematadas as intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de Marzo de 2008, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de marzo de 2008 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Dáse conta das Resolucóns da Alcaldía comprendidas entre os números 206 do 31 de Marzo de 2008 e a número 296 de data 29 de Abril de 2008.

6º.- MOCIÓN URXENTES.-

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai tres mocións urxentes neste punto; que a primeira moción é unha moción da comisión informativa de dinamización social de declaración de apoio ao manifesto polo dereito a vivirmos en galego, que foi a comisión informativa este martes e que se aprobou cós votos a favor do PSOE, BNG e EU e a abstención do PP, e que ,como a comisión foi o martes,non deu tempo a incluíla na orde do día do pleno. Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención e di que primeiramente téñese que votar a urxencia e que ésta ven motivada pola data de celebración do acontecemento.

Seguidamente polo sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia .

De seguido dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 6 de Maio de 2008 que transcrito di:

“2.- DECLARACIÓN DE APOIO DA CONCELLERÍA DELEGADA DOS SERVIZOS DE CULTURA E ENSINO AO MANIFESTO POLO DEREITO A VIVIRMOS EN GALEGO.-

Seguidamente dáse conta do escrito do Concelleiro delegado dos Servizos de Cultura e Ensino de data 28 de Abril de 2008 que, transcrito di:

“A Concellaria delegada dos Servizos de Cultura e Ensino DECLARA o seu apoio ao manifesto POLO DEREITO A VIVIRMOS EN GALEGO.

A Concelleria delegada dos servizos de Cultura e Ensino e entidades que apoiamos a manifestación nacional “Polo dereito a vivirmos en galego” este 18 de maio de 2008, declaramos:

- 1) Consideramos que vivir en galego é un dereito inalienábel das persoas na Galiza, e un dos dereitos humanos elementais que temos como pobo. Lembramos que o galego é o único idioma natural de Galiza, e que mesmo o Estatuto de Autonomía o cualifica como “a lingua propia” do país, o que nos une como galegas e como galegos. O pobo galego ten dereito a que a súa lingua ocupe todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma, con dignidade e con normalidade.
- 2) Consecuentemente, deben existir as garantías para podermos vivir en galego, o que esixe compromisos, así como a aplicación e a adopción das disposicións legais necesarias por parte das Administracións públicas.
- 3) Denunciamos e alertamos contra os que, apuntándose agora á defensa dun suposto bilingüismo, un bilingüismo dunha soa cara, pretenden unicamente o mantemento da diglosia e a desaparición do galego. Ou, o que é o mesmo, a negación do dereito colectivo á normalidade de usos da nosa lingua en todos os ámbitos.
- 4) Chamamos ao compromiso persoal de todas e todos coa lingua galega. Usémola en todos os ámbitos: comezando pola familia, coas nosas nenas e nenos, no noso traballo, nas relacións coa administración, no noso tempo de lecer, etc. O futuro do galego depende de nós.

E, en consecuencia, A Concellaría delegada dos servizos de Cultura e Ensino do Concello de Fene dará traslado deste manifesto a todo o movemento social do concello solicitándolle o seu apoio e compromiso coa lingua. Ao mesmo tempo a Concellaría delegada dos servizos de Cultura e Ensino apoiará expresamente a manifestación que co mesmo lema terá lugar o próximo 18 de maio ás 12 da mañá na Alameda de Santiago de Compostela co alugueiro dun autobús para facilitar a participación na mesma. “

Aberto o turno de intervencións (.../...)

Rematadas as intervencións e sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade con seis (6) votos a favor (dos/as Sres./as Couto Seijido, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Vigo López e Sánchez Martínez) e unha abstención (da Sra. Fornos Corral), acorda dictaminar favorablemente a declaración anteriormente transcrita.”

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que nesta moción vánse abster porque cren que o contido dela, a parte de pretender algún tipo de imposición como a que se está pretendendo, non é real; que no primeiro punto fáise referencia a que o galego é o idioma natural de Galicia e él pensa que non, que o idioma natural de Galicia son os dous idiomas e que as dúas linguas conviven na cooficialidade perfectamente; que nunca houbo problema algún e incluso conviviron en tempos bastante peores aos que conviven agora ; que cren que non se pode cualificar de idioma natural ,senón que para eles os idiomas naturais son os dous , polo que non poden compartir este punto da declaración. Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención dicindo que si apoian o que se manifesta no punto número dous e que consideran que as garantías para poder vivir en galego existen, xa que non hai máis que ver que a maioría das materias que se están a impartir aos nenos son en galego e que se imparte tamén unha materia específica de galego ; que o galego está practicamente normalizado en tódalas administracións públicas, quizás cun pouco máis de atraso na administración de xustiza, pero que cren que está garantido; que quere lembrar que quen aprobou a lei de normalización lingüística foi o Partido Popular e cre que esa lei é válida e deberíase seguir aplicando como se viña facendo ata agora; que non poden compartir o punto terceiro, xa que cren que os dous idiomas conviven perfectamente; que tamén comparten o punto cuarto, pois o Partido Popular sempre levou adiante o compromiso de defender a lingua galega e que, de feito o fixo con esta lei de normalización lingüística , polo que comparten todos eses extremos e todo o que se poida apoiar, axudar e fomentar o uso da lingua galega, pero non como imposición, senón como un dereito normal de calquera persoa, o mesmo que o ten de usar o castelán; que cre que declaracións deste tipo quizáis van levar á deriva; que van chegar ao que se chegou no país vasco, onde para un praza de médico o idioma valórase dezaseis puntos, un master dous puntos e o doutoramento catro puntos e que cren que ese non é o camiño polo que, á vista do manifestado, vánse abster nesta moción.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que desde o BNG sinte discrepar neses puntos onde o Partido Popular amosa as súas reticencias ou diferencias, xa que se ben hai unha cooficialidade xurídica hoxe en día entre o galego e o castelán, na práctica a realidade é que hai aspectos na vida como ,por exemplo ,as notaría onde é dificilísimo ter unha escritura en galego, polo que esa cooficialidade xurídica é teórica, xa que na realidade práctica vese totalmente desaparecida; que unha porcentaxe grandísima da xente maior fala o galego pero pódese ir a calquera cemiterio e vése que hai moi poucas lápidas en galego, o que é un síntoma de anormalidade, non de normalidade, é dicir, que hoxe en día unha persoa que naceu no 1910 e morreu no dous mil e pico con noventa e pico anos, resulta que falou toda a súa vida en galego porque era o seu idioma natural ou habitual, porque non tiña a invasión do castelán a través dos medios de comunicación e a través da interrelación da xente , se enterra en castelán e se lle pon a lápida en castelán, o que non considera normal ; di que dándolle a volta, no Colexio de Centieiras onde vai a súa filla que ten cinco anos, escasamente o cinco por cento dos nenos falan en galego e que do cento por cento do alumnado ten as súas dúbidas de que o cincuenta por cento sexa quen de manter unha conversa en galego; que iso o que quere dicir é que son síntomas claros de que a situación do galego non é unha situación normal, e que por desgracia, e cun traballo inmenso que leva feito este Concello durante os últimos vintenoventa anos, séguese a ter un déficit grandísimo e unha falla de sensibilidade por parte dos poderes públicos ; que hai unha cousa que é evidente, que o galego é o idioma de todos e se non son os galegos os que o van defender ninguén máis o vai facer; que o que defenden é que o idioma é cousa de todos, non ten que ser un elemento de confrontación, todo o contrario, ten que ser un elemento de unidade, polo que desde o BNG van apoiar este manifesto e ademais animar á xente e ás sociedades deste Concello a que se adhiran a él porque entenden que é unha cuestión xusta e que se non se defende o idioma ninguén vai vir aquí a defendelo.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 6 de Maio de 2008, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos/as Sres/as Concelleiros/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, Couto Seijido, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: catro (4), dos/as Sres/as Concelleiros/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 6 de maio de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

Seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente manifesta que a segunda moción presentada é unha do Bloque Nacionalista Galego relativa á implantación en Galicia dos distintos currículos das ensinanzas non universitarias en aplicación da LOE.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que a urxencia desta moción ven motivada porque estase no debate do decreto do bacharelato nestes momentos entre a Consellería de Educación, comunidade educativa e distintos sectores, e entenden que pódese aproveitar o pleno do Concello para que opine ,polo que cren que é urxente debatelo hoxe e non deixalo.

Seguidamente polo sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a urxencia da moción, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia da moción.

A continuación dáse conta da Moción do BNG de data 8 de Maio de 2008 que transcrita di:

“Moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A implantación en Galizas dos distintos currículos das ensinanzas non universitarias en aplicación da LOE (Lei Orgánica de Educación) están producindo graves problemas á hora de establecer un ensino equilibrado e adaptado á realidade galega que promova a formación integral do alumnado.

A LOE e a posterior normativa dictada polo Goberno central, ao igual que o fixeron as anteriores leis da etapa do PP, imponen un sistema educativo centralizador que fixa unha elevada porcentaxe de contidos mínimos, novas áreas do currículo e o ensino da relixión dentro do horario lectivo e con valor académico. Todas estas cuestións impiden avanzar cara a un ensino laico, que Galiza poida exercer as competencias propias, e que o sistema educativo e o currículo se axeite á nosa realidade e ás necesidades do alumnado galego.

No que respecto ao bacharelato a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria elaborou un borrador de decreto sobre o currículo desta etapa educativa que supón a redución

do horario lectivo en tres áreas fundamentais, a Educación Física que queda reducida a unha hora semanal nun só curso, a Filosofía (que pasa de tres a dúas horas) e tamén unha hora menos para Historia (de catro a tres horas).

As áreas obxecto de redución implican consecuencias negativas moi importantes na formación do alumnado.

En primeiro lugar a redución na área de Educación Física supoñería a práctica desaparición desta materia pois unha hora en toda a etapa outórgalle un carácter residual, tería menos carga horaria que Relixión e colocaría a Galiza moi lonxe dos estándares dos sistemas de ensino máis avanzados. A maiores iría en contra das propias recomendacións de distintos organismos internacionais.

A redución na área de Filosofía, considerando que se incrementan os contidos a impartir (Cidadanía), e en Historia vai impedir que os contidos poidan ser impartidos desde unha perspectiva propia galega, o que se traduce en que os currículos das materias impartidas en Galiza se van reducir exclusivamente aos mínimos marcados a nivel de Estado.

O borrador de Decreto está en fase de discusión para a súa posterior aprobación polo que aínda hai tempo para que, atendendo ás demandas de moitos sectores educativos, se produzan as necesarias modificacións que garantan unha carga lectiva adecuada para o coñecemento da realidade galega e unha formación equilibrada e integral do alumando.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1º Instar á administración educativa do Goberno central a que nas leis educativas e demais normativa que as desenvolve respecte as competencias educativas propias de Galiza de xeito que permita o establecemento de currículos equilibrados e adaptados á realidade galega.

2º Instar ás administracións educativas central e galega a avanzar cara un ensino laico no que a materia de relixión non forme parte do currículo.

3º Demandar da administración educativa galega a apertura dun proceso de diálogo co sector e que o novo decreto de bacharelato

- a) garanta, como mínimo, a actual carga horaria nas materias de Educación Física, Filosofía e Historia,**
- b) asegure a presenza da Historia e Xeografía de Galiza, a Literatura Galega do Século XX, a Música e a Educación Física como materias optativas de oferta obrigatoria.**
- c) Estabeleza o ensino da relixión fóra do horario lectivo dos centros.”**

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que vai explicar brevemente o contido da moción e indica que a Consellería de Educación, en aplicación da LOE ten que variar as cargas lectivas das distintas materias e que con dito cambio prodúcese unha redución entre as áreas de educación física que pasaría a unha hora semanal, se reduciría a Filosofía, que pasaría de tres a dúas horas e se reduciría Historia ,que pasaría de catro a tres horas e que con estas reducións a

educación física pasaría a ser unha cousa testimonial no bacharelato e as outras dúas materias, tanto a Historia como a Filosofía perderían capacidade para ter autonomía, e a comunicade autónoma perdía capacidade para desenvolver o currículo propio do país, é dicir, as materias da historia de Galicia ou a profundar en determinadas áreas da filosofía, xa que ao reducir carga horaria téñese que reducir os contidos mínimos destas materias, cando por outro lado se manteñen dúas horas en relixión, que entende que desde ningún punto de vista debería manterse como obrigatoria no bacharelato, senón en todo caso, tería que ser fóra do horario lectivo; que ahí prodúcese un conflito xa que o volume de carga horaria que introduce a nova educación para a cidadanía implica que hai que desprazar outras materias e as que pagan son as tres citadas, cando hai outras materias que entende, poderían perfectamente ser modificadas e cambiadas de sitio; que a idea básica do acordo da moción é instar á administración educativa do Goberno central a que nas leis educativas e demais normativa que as desenvolve respecte as competencias educativas propias de Galicia, de xeito que permita o establecemento de currículos equilibrados e adaptados á realidade galega; instar ás administracións educativas central e galega a avanzar cara un ensino laico no que a materia de relixión non forme parte do currículo e demandar da administración educativa galega a apertura dun proceso de diálogo có sector e que o novo decreto de bacharelato garanta, como mínimo, a actual carga horaria nas materias de Educación Física, Filosofía e Historia e se asegure a presenza da Historia e Xeografía de Galiza, a Literatura Galega do Século XX, a Música e a Educación Física como materias optativas de oferta obrigatoria.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o Partido Popular non pode asumir o que se plantexa na moción, en primeiro lugar porque cre que eses contidos que agora estanse reivindicando aquí cara a o bacharelato existen xa na educación primaria; di que hai que saber o de aquí pero tamén o de fóra, polo que non se pode pechar o círculo só ao de aquí; que a fronteira non acaba despois de Becerreá e que as dúas cousas non son incompatibles, é dicir, pódese coñecer perfectamente a historia de Galicia, o idioma, moitas cousas desta terra e coñecer tamén as de España e do mundo; que a universalidade é o máis importante; que no tema do bacharelato, que é xusto o escalón previo a chegar á universidade, é onde habería que incidir máis, par abrírlle as miras aos rapaces para que convivan con todo o mundo; que con respecto aos tres puntos, cre que un deles como é a educación física xa se deu marcha atrás, xa que cre que se van manter as mesmas horas de educación física e no referente á filosofía, se reduce precisamente polo tema da educación para a cidadanía; que cre que a filosofía débese manter se os contidos desta materia foran reais e non unha especie de adoutramento da xuventude; que unha educación para a cidadanía debe ter uns contidos esenciais dirixidos a ensinar aos nenos as institucións que hai no estado, o que é un Concello, e isto dunha forma aséptica, obxectiva e sen cor política; que vai estar en contra de que pola porta de atrás se pretendan meter outra serie de conceptos ou consideracións, porque hai determinados conceptos e determinadas materias que ata agora foron sempre tratadas nas familias, da forma que cada un quixo orientar e quixo velo, e parécelle que tampouco son tan malos cidadáns os que están aquí e os que están por aí adiante, e di que esas materias sempre lle deron bastante medo, polo que instaría precisamente ao Partido Socialista, que é o grupo que hoxe está a gobernar en Madrid, a que ese tema o tratara doutro xeito e vira de dotar a esa materia dunha serie de contidos obxectivos, porque marcar as personalidades dos nenos con determinadas opcións ou matizacións, parécelle un pouco arrisgado.

Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención e di que en canto ao tema da historia, a historia de Galicia tense que coñecer, o mesmo que a historia de España e a historia Universal, e que con respecto ao tema de relixión fóra do horario lectivo, pensa que é unha materia optativa, o mesmo que debería ser educación para a cidadanía, e remata dicindo que o seu grupo va votar en contra da moción.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que hai tres puntos que se refiren concretamente ao ensino en galego como se reflexa nos acordos da moción e que está de acordo nos tres puntos; que todas as cousas son importantes pero que deben estar no seu sitio, a relixión nas igrexas e o ensino nas escolas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que a pesar de que no fondo da moción non poden estar en desacordo, xa que sempre defenderon o ensino público, laico e de calidade, dado o proceso actual no que se atopa inmerso o debate deste avance normativo, no cal, por unha banda, xa se corrixiu o tema da educación física, e estase nun debate coa comunidade educativa sobre os temas de historia e filosofía en canto á súa duración horaria, cren que non é pertinente adoptar unha decisión agora no pleno, de instar ao goberno a algo que agora mesmo xa está a facer, e de feito xa está corrixiendo algunhas das eivas que aquí xa se denunciaron e en camiño de que se reconduzan todas; di que de tódolos xeitos, verbo da implantación dunha nova materia como é a da educación para a cidadanía dificilmente pode compartir as opinións vertidas polo voceiro do Partido Popular, porque se algo trata de perseguir a implantación desta materia é a de ter cidadáns cada vez máis informados das súas canles de participación na sociedade, máis informados sobre as diferentes opcións ás que poden optar, cidadáns que non teñan pechada a realidade complexa, diversa e rica da sociedade; que hoxe conceptos e realidades, que hai quince ou vinte anos aínda soaban estranos, os propios cidadáns e a propia sociedade os teñen superados e véñse con absoluta normalidade incluso dentro dos núcleos familiares; que defenden a implantación desa materia, sendo conscientes de que evidentemente a implantación ten que ter como consecuencia a merma nalgunha das outras materias existentes; que tamén están convencidos de que agora mesmo o debate atopase correctamente encamiñado coa comunidade educativa, polo que grupo socialista vaise abster nesta moción.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que eles son conscientes que efectivamente no tema da educación física, xa a propia Consellería está valorando dúas horas porque a presión exercida por toda a comunidade educativa, especialmente pola xente do mundo da educación física foi moi importante; que non quere facer unha defensa a ultranza desta materia pero si quere dicir que é un elemento importantísimo, fundamental e que ademáis pódese educar en valores, aprender a contar, a coñecer o corpo e mil historias máis a través do movemento; que non hai que pensar nas materias como contidos pechados, senón como contidos amplos, de utilidade transversal na hora da educación; que unha carga que establece o estado, un currículo básico, común para tódolos habitantes do estado e unha parte que son as comunidades autónomas e que na parte que marca o estado está a relixión, algo que eles non comparten baixo ningún concepto porque ademáis, na realidade social que se vive e na que se está, e tamén desde o punto de vista científico, non se aguanta por ningún lado que a relixión teña que estar no sistema educativo, porque no sistema educativo o que ten que haber son ciencias e materias de contido científico; que a relixión está moi ben como dicía o Sr. Sánchez Martínez nas igrexas, nas catequeses e incluso como materia optativa no centro que a queira ter como extraescolar, pero non debería estar como contido científico, técnico do currículo. Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín e manifesta que en relación ao dito polo voceiro do partido popular, eles non pretenden que os alumnos de aquí só saiban das cuestións de aquí; que o problema é que cando a normativa a nivel de estado fai variar a porcentaxe de horas nas materias, limita a capacidade da comunidade autónoma de manter certos contidos do territorio e que ese é o problema.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG de data 8 de Maio de 2008, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos/as Sres/as Concelleiros/as Couto Seijido, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez.

Votos en contra: catro (4), dos/as Sres/as Concelleiros/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral.

Abstencións: sete (7), dos/as Sres/as Concelleiros/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira.

Á vista do resultado da votación declarase aprobada a Moción presentada polo Grupo municipal do BNG anteriormente transcrita.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde Presidente e manifesta que a última moción presentada pola vía de urxencia é unha moción do Partido Popular sobre as normas do hábitat galego da Consellería de Vivenda.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o 17 de abril entraron en vigor as Normas que regulan o Hábitat galego ,que son contestadas por diversos sectores da sociedade galega, tanto por Concellos como por colectivos como arquitectos, apareladores, constructores e promotores, e que cre que é un tema que convén tratar . Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención dicindo que a urxencia ven precisamente pola entrada en vigor de ditas normas , xa e cre que non foi o suficientemente consensuada polo que na moción pídesse a derogación dese decreto.

De seguido, polo sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a urxencia da moción, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia da moción.

De seguido dáse conta da Moción do grupo municipal do Partido Popular de data 23 de abril de 2008 que transcrita di:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A ENTRADA EN VIGOR DAS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO.-

Xustificación da urxencia

O pasado día 17 de abril entraron en vigor as Normas do Hábitat Galego, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia o 17 de xaneiro. Todos os sectores implicados están manifestando a súa oposición e adiantando os efectos negativos da mesma. Co obxectivo de evitalos o Grupo Municipal Popular presente esta iniciativa para o seu debate no Pleno deste Concello de Fene.

Exposición de Motivos

As Normas do Hábitat Galego que ven de aprobar o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, pretenden marcar as calidades mínimas coas que se deben construír as novas vivendas.

Estas normas substitúen o actual Decreto de Habitabilidade do ano 1992, e recollen todos os parámetros de cómo deben construírse as vivendas en Galicia, sexan protexidas ou de prezo libre.

Estando de acordo co obxectivo global da mellora das condicións das vivendas, en canto supoñan a mellora das condicións de vida dos cidadáns; sen embargo, o Decreto de habitabilidade aprobado pola Xunta de Galicia, na súa actual redacción, presenta moitos aspectos que, aplicados na práctica, suporán evidentes perxuizos para os veciños.

Por suposto, o PPdeG está a favor de todas aquelas medidas que supoñan un aumento da calidade da vivenda e do hábitat dos veciños, pero precisamente por iso, entende que este obxectivo se debe perseguir baseándose na obxectividade e no rigor e non mediante normas improvisadas que suscitan o rexeitamento xeral.

A **Constitución Española** garantiza a autonomía dos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses. Sen embargo, as normas do Hábitat galego aprobadas, supoñen unha inxerencia e un ataque a autonomía local, toda vez que, según teñen manifestado xa moitos técnicos independentes, poderían chegar a colisionar mesmo cos Plans de Ordenación Municipal. Trátase, en consecuencia, dunha norma claramente intervencionista.

A día de hoxe, todos os sectores implicados manifestan a súa preocupación polos efectos negativos que se derivarían da súa inmediata entrada en vigor: invasión na autonomía municipal, encarecemento dos prezos das vivendas de ata un 30%, parálise dos planeamentos en redacción (nomeadamente para os concellos que os estén a tramitar), exceso de reglamentación, discrecionalidade da Consellería de Vivenda para eximir do cumprimento da norma, etc.

Boa mostra da preocupación xerada por este Decreto é a saturación que, desde a publicación do mesmo, están sufrindo os servizos urbanísticos dos concellos galegos, recibindo un “aluvión” de solicitudes de licenzas de construción antes da súa entrada en vigor.

Trátase dunhas Normas, que como advirte o Consello Consultivo de Galicia nos dous ditames emitidos invaden competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo, ademáis de que pola súa imprecisión e ambigüidade xerarían inseguridade xurídica.

Os informes elaborados polos axentes implicados son contrarios ao texto aprobado pola Xunta de Galicia, de aí a preocupación que neste Grupo Municipal recolleemos de todos e cada un deles. A FEGAMP ven de recoñecer explícitamente que as normas en cuestión invaden as competencias da administración local.

Considerando, que estamos inmersos nunha crise económica profunda que repercute en todos os sectores produtivos, o CONCELLO DE FENE veríase claramente perxudicado pola aplicación deste decreto. Os primeiros perxudicados serían os propios veciños que sufrirían un aumento do prezo das vivendas e que logo abarcaría ao conxunto da actividade económica coa conseguinte paralización dos sectores económicos esenciais. Asimesmo, a aplicación do decreto afectaría negativamente na recaudación municipal e consecuentemente frearía a capacidade prestadora de servizos deste concello.

Por todo o anterior, o Pleno do Concello de Fene insta a Xunta de Galicia a:

1. Derogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa **FEGAMP**, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que

permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos.

2. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á FEGAMP e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.”

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que este decreto establece unha serie de calidades mínimas que deben conter as novas vivendas que se fagan dentro da comunidade autónoma de Galicia e que se ben cren que efectivamente calquera obxectivo global que pretenda as melloras das condicións das vivendas é bo, a forma en se fixo a norma vai traer perxuízos para os veciños; di que a Constitución Española garante a autonomía dos Concellos e que éstos no tema que trata o decreto teñen as súas competencias, competencias que cren que se invaden polo decreto, xa que é unha norma claramente intervencionista; que por outro lado cren que todo o que está establecido nese decreto vai encarecer a vivenda sobre un trinta por cento e que non estase nun momento tan boiante para este tipo de normas; que hai informes en contra do Consello Consultivo de Galicia e informes elaborados polos distintos axentes implicados contrarios, e lóxicamente da FEGAMP, que se ve afectada e ven a dicir que se están inmiscuíndo nas competencias dos Concellos e ten recorrida esta norma, polo que non goza da satisfacción de tódalas forzas políticas e de tódolos axentes implicados; que se trata dunha norma que afecta á actividade económica e tamén aos veciños e a todos os sectores productivos polo que no no punto da moción se solicita derogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos e remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á FEGAMP e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Continúa o Sr. Galego feal a súa intervención dicindo que son conscientes tamén que o Partido Socialista en determinados Concellos está presentando mocións neste senso, aínda que non pretendendo a derogación do decreto, pero si a súa modificación, para tratar que a Fegamp retire o recurso contencioso-administrativo; que débese partir de cero, de que o decreto non vale .

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta o que fan estas normas do hábitat galego é garantir unha calidade tanto constructiva como estética das vivendas, pero non se mete na competencia reguladora do plan xeral, senó que métese en alturas e nas calidades mínimas que ten que ter unha vivenda no mercado, tanto de promoción pública como privada; que o que incrementou a vivenda neste país foi a política neoliberal do partido popular; que dente o ano noventa e tantos, e se pode ver, iso evolucionou meteoricamente cunhas hipotéticas liberacións de solo, cunha lei do solo que o único que fixo foi aumentar por tres o prezo da vivenda en dez anos; que non se lle pode achacar a unha norma que fala de condicións de habitabilidade dunha vivenda a subida da vivenda nin facer de prestidixitadores para dicir que iso vai subir; que o que hai que asegurar é que tanto a vivenda de promoción pública como privada teña unha calidade e niso a norma non invade ningunha competencia dos Concellos.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta o grupo socialista considera que a cuestión que neste caso trae o Partido Popular a este pleno non é unha cuestión baladí, xa que é transcendente para a cidadanía, porque está a falar de cuestións que afectarán a todos no futuro inmediato; di que valoran positivamente as medidas ou a iniciativa que o grupo de goberno ten en canto a garantir calidades mínimas na construción que se faga no país, sobre todo porque é unha realidade permanente dos

cidadáns que compran vivenda, moitas veces sobre plano sen ver exactamente os edificios, onde se garanten uns materiais e unha serie de cuestións que logo na práctica son máis ou menos certas; que tamén é certo que o investimento en vivenda é o máis importante para case todas as familias e individuos da sociedade , polo que é unha cuestión que cren que debe estar ben argumentada e ben garantida; que tamén cren que un tema desta transcendencia debe ter un consenso o máis amplo posible e debe implicar na medida do posible aos diferentes sectores que están implicados dun xeito ou doutro na construción das vivendas, pero sen esquecer que a Administración pública ten que actuar sempre dende a perspectiva da defensa dos intereses xerais, dos cidadáns e non dos intereses dunha maior ou menor ganancia dos axentes económicos; que en todo caso cren na pertinencia das medidas deste tipo e que o grupo municipal socialista si cre pertinente que os concellos avoguen e insten á administración autonómica a que se inicie un proceso serio de diálogo coas diferentes políticas sociais, coas Administracións locais, coa Fegamp, empresariais e profesionais afectados , polo que o que queren propoñer ao grupo popular para acadar o apoio do seu grupo, é unha modificación do primeiro punto da proposta de acordo da moción, no senso de que onde di “derogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego có fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais” , se substitúa pola proposta de iniciar un diálogo de proceso sobre as normas do hábitat galego có fin de consensuar coas forzas políticas e sociais, administracións, etc.,; que cre que nese caso o grupo socialista si que consideraría a proposta e podería reunir un maior consenso do pleno deste Concello ,evidentemente respectando, como non pode ser doutra forma, que o Partido Popular tome a decisión que mellor considere neste momento.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que non lles importaría aceptar a emenda, pero que o tema da derogación non é un capricho do Partido Popular porque se ésta non se produce, se despois dun proceso de diálogo de tódalas forzas políticas se chegase a outra conclusión, produciríase unha desigualdade para as persoas que agora, baixo este decreto ,teñen que cumprir determinadas normas; di que quizáis débuse ter falado antes e tratar de chegar a un consenso para que se suspendera esa entrada en vigor ou se prorrogase a entrada en vigor da norma e iniciar o proceso, pero que agora non poden aceptar a emenda porque xeraría supostos de desigualdade. Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención e manifesta que quere respostar ao voceiro do BNG que no tocante á Lei do Solo, cando Aznar gobernaba en España, propuxo unha lei totalmente liberal no senso de que todo o solo era edificable agás as zonas especialmente protexidas e aquelas zonas destinadas a usos dotacionais e a determinados servizos, e despois liberalizou o solo no senso de poder construír dentro dunhas determinadas zonas pero solo libre e construción libre, lóxicamente cuns parámetros, pero en principio partíase da liberdade do solo, e esa norma foi recorrida diante do Tribunal Constitucional ,incluso por propios alcaldes do Partido Popular, e se declarou inconstitucional, e esa é a base de partida do que está a pasar hoxe en día, o solo é escaso, a vivenda que se está a construír é cara, e estas normas van encarecer máis.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que esta normativa básicamente o que defende é unha vivenda de calidade e é positiva para a xente ; que os prezos da vivenda protexida e pública son prezos taxados que non van variar pola entrada en vigor desta normativa ; que cre que calquera promotor ou constructor que se adique á construción lle interesa ter un marco legal e xurídico claro e que aínda por enriba lle favoreza á súa construción, e que con isto non se van aproveitar baixo cubertas para facer pseudo dúplex senón que as vivendas van ser de calidade; que son cuestións nas que a afección aos Concellos é mínima , é dicir, hai unha normativa que é de aplicación como foron outras que se estiveron aplicando pero no que é a aplicación do plan xeral non entra, que é onde o Concello si ten competencia.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular de data 23 de Abril de 2008, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catro (4), dos/as Sres/as Concelleiros/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral.

Votos en contra: doce (12), dos/as Sres/as Concelleiros/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, Couto Seijido, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo e Pico Sanmartín.

Abstencións: unha (1), do Sr. Concelleiro Manuel Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a Moción do grupo municipal do Partido Popular anteriormente transcrita.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que vai facer unha serie de preguntas. Di que en relación ao tema do peirao de Barallobre , como véu o responsable de Portos de Galicia a facer unha visita, queren saber se nesa visita se chegaron a ter acordos concretos e con prazos concretos , porque nunha nota de prensa de vintedús de marzo de dous mil sete o PSOE avanzaba que a Confraría de Barallobre contaría cun novo edificio de usos múltiples para o 2008 e que xa había unha consignación orzamentaria de 507.642 euros e o edificio segue sen facer, e agora a promesa son catrocentos mil euros para facer puntos de amarre, tomas de auga, electricidade, dragado, etc., e queren saber se de verdade existen compromisos concretos con prazos concretos e de obras concretas, xa que en prensa sae que hai ofertado un millón de euros para o peirao de Barallobre e realidades ven poucas.

Continúa o Sr. Galego Feal e di que outra pregunta é referida ao tema da policía local; que na prensa sae o Alcalde de Neda dicindo que avanzan as xestións coas policía locais para empezar a colaborar, e queren saber se xa hai cobertura legal para dita colaboración , e ao mesmo tempo queren saber se esas xestións que está a realizar o Alcalde de Neda son compartidas polo Concello de Fene e se o concelleiro responsable da policía local lles pode dicir si se falou xa cós policía locais para o establecemento dese servizo nocturno, xa que todos son coñecedores do escrito que presentou a policía por rexistro no que rexeitaba a prestación dese servizo.

Di que, xa no ano 2006 se dicía por parte do BNG que se ía aumentar a zona de baño nas praias de Limodre, e que eles xa denunciaron na prensa que as praias de Limodre están nunha deplorable situación, concretamente a de Río Sandeu ,tanto polo buraco que se fixo no estanque como o que é a conducción de auga, as duchas, os restos da marea, os cepos ao final de todo, polo que queren saber se o contrato feito coa esa empresa incluía a realización desa limpeza das praias e se xa as realizou ; que queren poñer en coñecemento do grupo de goberno que hai un prazo que remata o vintetrés de maio, dunha convocatoria da Deputación provincial para os Concellos que teñan no termino municipal algunha praia marítima e que polo tanto hai axudas que hai que solicitar antes de dita data.

Continúa dicindo que outra pregunta que quedou por contestar do anterior pleno é a relativa á adaptación dos parques infantís á normativa vixente e que queren saber se efectivamente estánse a realizar as obras para acondicionar eses parques.

Manifesta que a seguinte pregunta é si se vai privatizar o servizo de limpeza viaria porque saíu na prensa que o concelleiro de persoal, de obras e o Alcalde foron visitar aos

representantes do Concello de Carballo da fundación Geoprodís que é a empresa que presta o servizo alí e queren saber se iso vai implicar a privatización do servizo de limpeza .

Di que queren saber se hai luces de cando van estar os orzamentos; que no tema dos orzamentos é evidente que eles fan as mesmas queixas que un dos grupos que hoxe están no goberno facía hai un ano; que cren que o Concello debe ter orzamentos aínda que se poida gobernar igual; que na acta do mes de marzo ,na páxina 46 o Sr. Noceda dicía na súa intervención que ,en canto ao tema dos orzamentos “... á marxe do que poida completar o concelleiro de facenda, o goberno marcouse como primeiro obxectivo pechar un acordo cós sindicatos, sobre todo nos aspectos retributivos, os que afectan orzamentariamente de xeito significativo ,antes de aprobar o orzamento, pero que tamén a negociación ten espazo para celebrarse dentro do mes de marzo porque os orzamentos non poden ir máis alá do vindeiro pleno sen presentarse, e ese é un límite que marcaron...” e pregunta se vai haber orzamentos xa ou váise depender da mesa de negociación .

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e di que na comisión de urbanismo se lles dixo que se ían artellar unha serie de medios para a vixilancia e control das obras e que queren saber si se vai crear algún tipo de órgano, si se vai facer un control periódico e que queren saber se o proxecto de creación dunha oficina de xestión urbanística xa está definido e se vai estar en datas próximas; pregunta en relación ao túnel da Avda. Marqués de Figueroa coa rúa da Torre, se hai algún avance, posto que cando foron as eleccións viñeron responsables importantes da comunidade e cren que iso non avanzou nada, a obra rematou e iso está igual; que sobre o proxecto de auga a Magalofes saben que é un proxecto que está na Xunta para informar pero que había unha serie de matizacións por parte do técnico municipal respecto a ese proxecto e queren saber cómo se van incorporar esas modificacións e se estase a estudar a promesa electoral de levar a auga pola outra banda da estrada.

Di que lles chegou información de que se rexeitou unha subvención do plan Ferrol para a creación dun viveiro de empresas, e pregunta se é certo; que teñen queixas dun camiño que está na estrada de Fene a Lavandeira, no cruceiro por onde se sube aos viveiros, e comprobou efectivamente que como consecuencia de fundir unha cuneta por alí e de cortar unha taxa que levaba a auga que nacía cara aos prados doutro lado da estrada de Lavandeira, agora hai uns arrastres que levan auga e area á estrada poñéndoa en situación perigosa e cre se debe tomar cartas no asunto e tratar de levar esa auga por onde discorreu desde sempre; que tamén leron na prensa que está aprobado o proxecto para levar a auga aos veciños de Almieiras e que xa se adxudicou, e queren saber se a empresa xa deu un prazo para iniciar esas obras; que denunciaron públicamente na prensa que hai unha serie de pistas polas que discorre o sendeiro circular que cren están mal acondicionadas ; que outro tema do que levan tempo preguntando é sobre os contenedores da Avda. Marqués de Figueroa, que a parte do problema da chapa que está a xerar unha inseguridade importante, agora mesmo están pechados, e selados; pregunta si se sabe algo sobre os locais de ensaio para os grupos e si se sabe algo do pago ás entidades ás que se apurou moito en pedir a documentación ,pero que de momento non se fixo nada; di que non saben o que se vai facer na antiga sala de comisións e pide que se lles informe para onde se vai trasladar a mesma; que ven unha resolución da alcaldía onde se solicita unha axuda por importe de noventa e sete mil douscentos sesenta e dous euros, melloras varias na Casa do Concello de Fene, elaborada pola arquitecta técnica María Fernández Blancafort e lles gustaría se lles informara cáles van ser esas melloras; que en relación á pregunta formulada no anterior pleno referente ás obras que se estaban a realizar no que é a parcela de Rivera Seco , aínda que se lles comentou algo e efectivamente hai un expediente aberto , pide si se lles pode ampliar a información.

Continúa o Sr. Galego Feal e di que teñen catro rogos ; que o primeiro é que xa que saíu publicado nos periódicos que se estaban a realizar xestións para adquirir o cine Adriano e que como hai un acordo municipal aprobado pola maioría tocante ás xestións para adquisición da Casa da Maleta sen comprometer o orzamento municipal, que ese compromiso se faga para

adquirir-los dous inmobles; que , por outro lado ,e tamén o expuxeron na comisión de urbanismo , é urxente e necesario realizar un catálogo de vivendas en estado de abandono e en estado ruinoso; que cren que é importante levar a cabo dúas actuacións e rogan que se fagan, unha é a retirada dun eucalipto cerca do torreón e outra é o desbroce da zona do río de Perlio.

Pregunta si se iniciou algunha xestión para a mellora do centro de saúde ,que era unha promesa electoral que levaban tódolos grupos no seu programa, e si se fixo algo para aumentar os servizos ; di que tamén queren saber si se vai facer a oferta que había de crear un rexistro municipal de listas de espera; di que hai un ano preguntou polo camiño da Vrea, que estaba no POS do 2006 e lles notificaron que na sesión celebrada o 25 de abril de 2008 quedou aprobado o proxecto modificado no que se inclúe ese camiño entre outros e quere saber se as modificacións que se fixeron se mandaron.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, en relación á pregunta sobre o peirao de Barallobre e sobre a visita do presidente de Portos de Galicia, Vicente Parga, aos peiraos de Barallobre e Maniños, ten que dicir que aí hai dous tipos de actuacións que competen a dúas Consellerías diferentes: por unha banda actuacións de Portos de Galicia, que son aquelas basicamente de infraestrutura do porto, é dicir, amarre, pantalás, abrigo e demáis, que compete a Portos de Galicia, Consellería de Política Territorial, e logo medios para a confraría e para os pescadores, que corresponde á Consellería de Pesca; que a visita á confraría concretouse no anuncio da mellora e do comezo este ano das obras de acondicionamento do peirao de Barallobre para actividade profesional, é dicir, o principal problema que ten o peirao é o abrigo en días de forte temporal e tamén os amarres, porque as embarcacións seguen fondeando como fondearon toda a vida e non teñen un amarre para esta zona, e Portos comprometéuse coas mariscadoras e mariscadores a executar dentro deste ano esa partida orzamentaria que hai de catrocentos mil euros que vai consistir en dragar unha parte do porto de Barallobre para gañar algo máis de calado, poñer unha pasarela duns 160 metros aproximadamente que se adentraría no mar a continuación da rampla que xa hai na zona, estudar a posibilidade de incrementar un pouco a altura da rampla para protexer un pouco máis dos temporais de vento e instalar dous pantalás flotantes con vinte e dous amarres por cada lado ,en total oitenta e oito amarres para as embarcacións que faenan nesa zona; que había unha preocupación das mariscadoras que faenan a pé de que a instalación que se ubicase nesa zona non cortase as correntes de mar que osixenan e rexeneran a auga na ribeira de Barallobre e que lles permite mariscar nesa zona; que en principio todo o que se vai instalar é flotante e non vai haber ningún tipo de barreira, polo que non debería producirse ningún problema nese sentido; que tamén é verdade que o presidente de Portos comunicou que os catrocentos mil euros consignados este ano van ser insuficientes e haberá que implementar máis cartos para executalas, pero que en todo caso tamén se comprometeu a elo; que antes de que a obra se licite e se contrate, remitirase o proxecto exacto aos mariscadores para que o vexan por se teñen calquera aportación que facer.

Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención e di que con respecto á nave de servizos múltiples, é algo que corresponde á Consellería de Pesca; que o Concello leva tamén dende o principio insistindo na Consellería neste tema; que tamén quere dicir, porque tamén o PP fixo algún comunicado lembrando o moito que traballara o goberno de Manuel Fraga polos peiraos de Barallobre e Maniños , que a propia confraría facilitoulle a tódolos grupos políticos un documento asinado polo entón conselleiro de Pesca Enrique López Veiga, comprometéndose a facer unha serie de melloras importantísimas no porto de Barallobre das que non está cumprida nin a primeira, e que con esa guía e con ese documento o que van tratar é de que se fagan realidades e que se poidan construír; que o máis inmediato é un guindastre no peirao para as embarcacións e a nave de usos múltiples, e que está comprometida unha visita do

director xeral de recursos mariños e dalgún responsable da consellería de pesca a Fene para falar en concreto deste tema coa confraría.

Di que, con respecto á policía local e o posible acordo con Neda , que o que saíu na prensa o dixo alcalde de Neda , non o alcalde de Fene, pero que en todo caso quere aclarar a situación; di que a postura segue a ser a mesma de tódolos plenos nos que falou disto; que calquera tipo de acordo que se adopte será consensuado e dialogado coa policía local; que o goberno antes de propoñer ningún tipo de acordo ten que ver a viabilidade diso, como tamén se dixo e se comprometeu a facer en tódolos plenos; que houbo unha xuntanza para multitude de temas entre o concelleiro de seguridade e o Alcalde de Fene có subdelegado do goberno para entre os que se tratou a viabilidade dese acordo con Neda, e que o que transmite tanto a Subdelegación do Goberno como a Consellería de Presidencia é que é viable e perfectamente factible; que en todo caso ese acordo e ese compromiso non se adoptará ata que non sexa consensuado e ata que non sexa acordado cós traballadores da policía local.

Continúa dicindo que sobre o estado das praias de Limodre discrepa totalmente da valoración que fixo o voceiro do PP ; que si é certo que hai unha cousa que débese mellorar, o estanque de Río Sandeo, porque está nunhas condicións malas , polo que se mellorará; que está pedida unha aportación económica á Consellería do Medio Rural dentro do Peim 2008 para o financiamento da construción dese estanque; que é previsible que iso non se faga antes do verán á vista das previsións que ten a Consellería, o Concello contratará dúas cuestións básicas, unha varanda para protexer o estanque convenientemente e amañar o que quedou estragado da última intervención que se fixo , a válvula que permitía enche-lo ou baleira-lo o estanque e vaise intentar mercar antes do verán con recursos propios unha duch; que despois do verán acometeráse o resto das obras ,cando a Consellería de Medio Rural destine os cartos para elo; que tamén estase a falar coa Demarcación de Costas para ver se este verán se pode resolver o problema máis urxente de acceso á praia de Coido,

Di que, en canto ao tema da limpeza, encargouse por parte do Concello a limpeza de tódolos areais de Fene; que empezouse pola praia de San Valentín, limpáronse as ribeiras de Barallobre e Maniños e agora estase a actuar en Limodre, en Coido sacáronse tódolos troncos e todo o lixo que había na praia; que estase a facer esa labor de limpeza xeral das praias e para o verán ,dacordo con esa subvención que apuntaba amablemente o voceiro do grupo popular e que o Concello coñece, financiárase unha brigada como se fixo o ano pasado para manter puntualmente limpa a area.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde dicindo que, en relación ao o tema de Carballo e á pregunta referente a privatizar o servizo de limpeza , é unha interpretación da prensa que non se corresponde coa realidade; que o Concello de Fene non pretende para nada privatizar o servizo de limpeza municipal en tanto e canto hai persoal dabondo para desenvolver esas labores. Di que, con respecto ao orzamento, como dicía cando estaba na oposición e como seguen a manter, o orzamento ten que estar a primeiros de ano e espera rematar esta lexislatura e este mandato conseguindo que o orzamento municipal se aprobe a principios de ano; que este ano non puido ser; que a mesa de negociación é un condicionante, aínda que se pode aprobar o orzamento sen ter o acordo coa mesa de negociación, pero tamén é verdade que a proposta de orzamentos está valorada, está á espera de incorporar este acordo, tanto de postos de traballo como de retribucións salariais, que se peche cós traballadores ; que se decidiu agardar un pouco máis porque as posturas da mesa de negociación están xa bastante próximas e a verdade é que se debería producir un acordo entre o concello e os traballadores que permita aprobar un orzamento absolutamente equilibrado; que tamén houbo certas dificultades de contabilidade que estanse a corrixir; que empezouse a poñer en marcha desde hai un mes aproximadamente, un novo sistema de contabilidade có que estase pretendendo pechar cada mes a contabilidade correspondente ao

mesmo, de tal xeito que cando se chegue a final de ano se teña a contabilidade do ano pechada e poder iniciar xa correctamente, e dun modo máis fiable esa elaboración do orzamento; que en todo caso presentaráse o máis pronto posible.

Di que, con respecto ao túnel de Marqués de Figueroa, houbo un contacto con Renfe, foron a unha reunión en Ourense e non foi nada fructífera e que estáse a iniciar unha segunda tentativa porque non renuncian a elo e que teñen solicitada unha xuntanza có Presidente de Adif en Madrid para ver se falando directamente có presidente se pode solucionar este problema.

Manifesta que, sobre a subvención do Plan Ferrol, é certo que se solicitou unha subvención para poder contar cun viveiro de empresas; que o Plan Ferrol contempla dous tipos de axudas, unha subvención que, como calquera subvención, dan os cartos ao Concello ou á entidade que a solicita e a xustifica, e outra modalidade, un modelo de créditos brandos, que durante os cinco primeiros anos non se devolve nada e logo devólvese en quince anos a interese cero; que o Concello de Fene pediu esa subvención por canto non querían comprometer a economía municipal con este tipo de actuacións e que cre lembrar que se solicitou un 50% de subvención, un 25% de crédito e un 25% a completar cunha axuda do Igape; que cando chegou a resolución, o volume de subvención era moi inferior, daban practicamente todo en crédito e para non comprometer máis a economía municipal, e dado que non era unha infraestrutura das prioritarias, decidíuse renunciar á mesma.

Di que, en canto ao pago das subvencións ás entidades, había un primeiro pago que se ía facer na primeira metade de ano e que é unha cousa que ten que mirar porque coa anterior Intervención quedara todo feito para aboalo pero non sabe nestes momentos se ese primeiro pago está aboado ou non; sobre a subvención que aparece nunha resolución da Alcaldía para melloras varias na Casa do Concello di que se vai facer na antiga sala de comisións; que a sala de comisións neste momento estáse a trasladar á cuarta planta, onde estaba antes o técnico de prevención de riscos laborais, e que na zona que ocupaba anteriormente a sala de comisións estáse a habilitar unha zona para os concelleiros/as delegados/as de goberno, para poder atender aos veciños que veñen ao Concello; que todo iso váise facer con esa subvención que se solicita por medio da resolución da alcaldía á que facía referencia o voceiro do Partido Popular; que se lle solicita á Consellería de Presidencia e que vai incluír tamén melloras no salón de plenos. Di que a unidade de xestión urbanística está en marcha, e irá consignado no orzamento o primeiro posto de traballo que fai falla para que funcione, que é o Técnico de Administración Xeral. Que sobre a pregunta que quedara pendente no anterior pleno relativa a se tiña ou non licenza as obras que se estaban a facer na antiga Rivera Seco, está respostado en comisión informativa e que en todo caso hai unha resolución desta Alcaldía pola que se decreta a paralización das obras por non ter licenza e se incoa expediente de reposición da legalidade urbanística.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que, en relación ao tema dos parques, durante estes últimos anos xa se viñeron facendo adaptacións; que a día de hoxe non están adaptados todos e que se continuará a facer; que non hai ningún tipo de axuda de ningunha Consellería e que có orzamento do Concello está un pouco complicado pero que seguirán a traballar niso e que son moitos os Concellos que a día de hoxe non os teñen rematados. Continúa dicindo que, en canto ao camiño dos viveiros, xa deron parte á Deputación sobre as cunetas; di que os contenedores de Marqués de Figueroa levan precintados dúas semanas porque o camiión do lixo que fai o recorrido está avariado e mentres non se atope unha peza necesaria non poden ser levantalos, polo que están precintados.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ao rexistro das listas de espera aínda non empezaron a facer nada, e que cando teñan a primeira reunión darán conta na comisión.

(Ausentase da sesión a Concelleira D^a María Pilar Fornos Corral).

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta en relación ao sendeiro circular que levaba unha parte de sinalización, de orientación de ruta, unha parte de fitos e de fotografías e de sinalización de distintos elementos no camiño e despois unha parte orzamentaria de difusión a nivel de papel, trípticos e na páxina web , evidentemente nese orzamento de trinta e cinco mil euros non cabe un mantemento e un arranxe de camiños que lóxicamente hai que facelo desde obras ou desde servizos dependendo de cada camiño.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que aínda que xa se informou na comisión dos puntos dos que falaba o voceiro do PP , sobre o tema da vixilancia das obras, a raíz do accidente que houbo na rúa Doutor Malvar como consecuencia da falta de cumprimento do plan de seguridade , caeu un puntal e accidentou a un home e unha rapaza, e ao día seguinte ,cando tivo coñecemento e acompañado do Cabo e do Aparellador fixeron unha inspección empezando por esta obra e polo conxunto das obras multifamiliares do Concello de Fene en varios días ao fin de esixir aos constructores a presentación dos estudos e dos plans de seguridade e comprobar se eses estudos estábanse a levar á práctica ; que a raíz dixo levantáronse informes por parte do técnico municipal onde se constatou que había algúns deles que non cumprían os propios estudos aprobados, en concreto esta obra onde houbo o accidente retirara a valla, polo que se emprazou aos constructores e promotores e se lles esixiu o cumprimento do plan de seguridade ; di que aínda que xa se desculpou o voceiro do Partido Popular, que apareceu unha nota de prensa onde viña responsabilizando ao Concello do feito, ten que dicir que o Concello non é responsable, o responsable da execución desa licenza é o constructor, e que este Concello a raíz do coñecemento do accidente púxose en contacto coas persoas accidentadas interesándose por elas e ,ao mesmo tempo ,púxose á súa disposición para darlles toda a información e toda a axuda no caso de que emprenderan calquera acción xudicial contra o constructor ou promotor; di que para o futuro espera que no menor tempo posible se cree un servizo especializado dentro da propia policía municipal. Continúa o Sr. Rodríguez Carballeira a súa intervención e di que, en relación á unidade de xestión urbanística, son conscientes de que actualmente, a pesar de que se axilizou bastante a tramitación dos expedientes de obras , non é suficiente axilización e que é unha asignatura pendente e que pensan , a través da oferta pública de emprego do próximo orzamento ,completar o persoal necesario para tratar de axilizar o traballo da xestión urbanística en canto a licenzas. Di que sobre o tema da empresa Ingresa , a raíz da denuncia do voceiro do Partido Popular, mandouse á policía local e detectouse que estaban a facer unhas obras para as que tiñan solicitada unha licenza que estaba sen conceder porque lle faltaba documentación que tiñan que aportar e que se abriu un expediente administrativo e de paralización por Resolución da Alcaldía ,xa que non tiñan licenza outorgada.

Continúa o Sr. Rodríguez Carballeira dicindo que , en canto á catalogación de edificios en ruína,e xa hai instrucións á oficina técnica para que á maior brevidade empece a facer expedientes, en concreto sobre aqueles edificios que estén nunha situación de cara á zona de dominio público con máis perigosidade; queneste momento concreto hai unha obra que é un muro de contención na zona de Tellerías no que provisionalmente se puxeron unhas vallas e se vai proceder ao derrube de parte do mesmo porque está nunha situación evidente de perigo.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido, manifesta que en canto á ubicación dos locais de ensaio para os grupos, están á espera dun informe que emita a empresa que certifica para a Xunta verbo de se reúnen as condicións necesarias en canto altura e habitabilidade os baixos da Casa da Cultura.

Acto seguido pide o uso da palabra Don José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido manifesta que con respecto ao tema da auga a Almieiras, está incluída no PIL adicional 2005, está licitado, que pensa que empezan a semana que ven e que teñen que estar rematadas antes do 30 de xuño.

Continúa o Sr. López Rodríguez dicindo que, con respecto ao camiño da Vrea, está no modificado que se fixo do POS 2006; que está aprobado pola Deputación, aprobado en Xunta de Goberno e que mañá veñen a asinar có Alcalde para facer o luns a acta de replanteo e empezar xa.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que con respecto á situación da negociación do convenio colectivo, como supón que ben sabe o voceiro do Partido Popular pola representante que ten na comisión de negociación, na última xuntanza se chegou a unha situación na que por parte do goberno vése que as posicións entre os sindicatos e o goberno son o suficientemente cercanas como para que, se todo transcorre con normalidade, poidan ser moi optimistas de cara a acadar un acordo na próxima xuntanza; que respecto á xuntanza prevista para esta semana efectivamente se demora, únicamente por motivos técnicos, porque houbo un problema na redacción e confección da acta, xa que parece ser que o sistema de gravación fallou na primeira parte da xuntanza e estiveron os diferentes interesados recompoñendo a acta durante estes días; que xa está realizada e falóuse coa Secretaria e lles informou que mañá poderíase convocar sen problemas; que esperan que a finais da semana que ven se poida celebrar e poidan deixar pechada a negociación do convenio.

(Ausentase da sesión o Concelleiro D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira).

Continúa o Sr. Noceda Carballo a súa intervención e manifesta que, en canto ao centro de saúde, se fixeron xa varias xestións, a primeira foi a petición do director do centro de saúde de Fene, de axilización dalgúns equipamentos que estaban pendentes e bloqueados no tempo, concretamente o tema de substitución de persianas, amaño de cadeiras, etc; di que había tamén un tema pendente de solucionar no centro de Maniños a nivel de persoal, onde se conseguiu unha solución satisfactoria para o Concello da que xa se informou na comisión, que é que o persoal do Concello encargarase das tarefas que viña desenvolvendo a persoa que está destinada alí e por outra parte a área sanitaria cubrirá tódalas vacantes que se produzan; que como ben sabe, no caso deste Concello, a parte das vacacións, sumados ós diferentes días son aproximadamente dous meses ao ano que vai a cubrir o servizo directamente o Sergas; que no caso de que seguran xurdindo dificultades de xestión de persoal incluso hai o compromiso do Sergas de que non habería ningún problema en facer esa dotación permanente e que o Concello asumira únicamente o servizo de limpeza, compromiso éste que tería que ser a medio prazo; que cren que a solución ao centro de Maniños, de dotación de persoal queda solucionado tal como está; que en todo caso, se xurdira algunha problemática a maiores segue habendo marxe de negociación e de compromiso para solucionalo; que estes eran os temas que tiñan máis urxentes; que é verdade que hai outros retos importantísimos a nivel de servizos e que se aproveitaron as xuntanzas que se mantiveron cós responsables da área sanitaria para ir esbozándoas e marcando un calendario para ir tratando cada un dos temas; que tamén comentaron que nestes momentos está en fase de elaboración un mapa de recursos onde teñen recollido cales son as peticións deste Concello e que se tratará de ser sensible coas peticións de dotacións

que se fixeron; que en todo caso neste tema non quere dicir nada máis e ser prudente, xa que as conversas están nunha fase moi inicial.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Bértoa Puente quen, unha vez concedido, manifesta que si que están realmente ben informados; que a última reunión foi o día vinte e cinco e quedaron en verse aos tres días; que hoxe xa é día oito e mañá non hai mesa de negociación, e que o Sr. Noceda Carballo acaba de dicir que hai problemas técnicos e pregunta se é que os hai desde hai quince días; que quere recalcar que está ben informada, e que ademáis a pregunta que se fixo foi cando se vai a convocar a mesa.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que cre que foi absolutamente claro; que hai un problema técnico, xa que a primeira parte da acta non se gravou e que estes días atrás estiveron os intervintes nesa primeira parte recompoñendo esa parte da acta que non se gravou; que se acabou o martes e ten que supervisala a Secretaria e que mañá procederá á convocatoria no mínimo prazo legal posible.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer varias preguntas e que algunhas delas xa foron respostadas, polo que en primeiro lugar pregunta qué é o que pasa có bar que está ao lado do Perla, na Rúa Eduardo Neira, e que ten que dicir que son todos culpables e responsables, uns por acción e outros por omisión; que lévase un ano nesa situación e estánse a rir do Concello como institución, dos funcionarios, da policía municipal, e de toda a Corporación; que ese local foi pechado por ruidos e por unha situación insostible para os veciños que non podían durmir e agora, pregunta se solicitaron permiso ao Concello para solucionar iso, e en caso afirmativo si se fixo algunha cousa e se comprobou si se fixo, e en caso que sexa negativo pregunta por qué permanece aberto e non se fixo nada para remediar esa situación; di que parécelle ben que sexan tolerantes pero que un ano xa se pasa un pouco e non se pode permitir; que alí hai un cartel colgado que di "cerrado por obras de insonorización", que hoxe está nun lado e ao outro día está noutro; que a porta está medio aberta, que as máquinas están encendidas, que entra xente e sae continuamente por alí, que a verdade é que parece un xogo de escondite e que cre que se podería patentar en Fene como o bar máis típico como motivo turístico; que cre que isto pase en Zambia ou Mozambique pase, pero en Fene non, e di que ten que traelo aquí porque xa lle parece que o repetiu en comisións catro ou cinco veces e non se da solución ningunha.

Continúa a súa intervención o Sr. Sánchez Martínez e di que xa hai unha serie de preguntas que tiña que xa foron contestadas pero que a Secretaria tome nota para que se saiba que as fixo e que son as seguintes: A de Barallobre, xa está contestada; Limpeza de praias tamén; Os expedientes urbanísticos tamén; O Cine Adriano tamén; A mesa negociadora tamén; A de Carballo tamén.

Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que lle quedan por facer as seguintes preguntas;

- Na reunión sobre a ampliación do polígono de Vilar do Colo con Sepes en Segovia, pregunta se hai algún desbloqueo para a ampliación e se hai algo concreto que sexa máis que promesas. Sobre o peche da piscina municipal de dúas semanas pregunta cómo van as obras, se houbo algún problema cós usuarios ou algunha reclamación. Sobre o parque de bombeiros mancomunado, que pensaba que era un tema solucionado e houbo unha noticia hai dúas semanas que di que a mancomunidade está estudiando un incremento de vinte e cinco bombeiros para poñer en marcha, pregunta cómo está a situación.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en canto ao Bar “El provisional” que cre que é como se chama, a verdade é que sobre ese bar hai un amplo expediente de actuacións e de denuncias ao respecto.

(Ausentase da sesión o Concelleiro Don Edgar Antonio Vigo López).

Continúa o Sr. Alcalde e di que froito das denuncias dos veciños ao longo destes meses, e froito tamén dos informes e pescudas que fixo a policía local, a principios do mes de marzo, cre lembrarse, por Resolución da Alcaldía decretouse o peche deste establecemento por carecer de licenza de actividade, xa que estaba a funcionar nunha situación de ilegalidade. Di que é certo que posteriormente aparece na persiana da porta do bar un papel que di que está pechado por reformas, e que supón que é a desculpa, porque a realidade, tal e como consta no expediente é que está pechado porque non ten nen tramitada nen concedida a licenza de actividade; que posteriormente a esa resolución se lles comunica por parte dos veciños que parece ser que están coas persianas baixadas atendendo á xente dentro do local, polo que mandouse un novo aviso por parte do goberno á policía local para que tome as medidas oportunas e comprabe se realmente estése a traballar dentro do local e con ese informe da policía, onde oficialmente se certifique que alí estése a producir actividade, proceder ao precinto do local para que non só haxa decretado un peche, senón que ademáis estea precintado convenientemente e non se poida abrir; di que cando teñan ese informe da policía, e se é verdade que se está a producir poderáse precintar o local.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e manifesta que sobre a ampliación de Vilar do Colo, enviouse a Sepes un proxecto de ampliación do polígono e quedaron de estudialo para ver se había algún inconveniente para a súa ampliación e que na reunión que tiveron en Segovia, o que se lles informou por parte do director de Sepes foi que está a piques de ser rematada a revisión do proxecto e que por agora non hai ningún inconveniente para que esa ampliación se poida acometer; que o cotexaron tamén coa Consellería de Política Territorial por se existira algún problema á hora de reclasificar eses terreos e de poñelos como terreo industrial e aparentemente tampouco hai ningún inconveniente por parte da mesma; di que incluso lles trasladou a seguridade de que o proxecto se ía executar, e tamén confirmou que Sepes tiña consignación orzamentaria, que entraba dentro da súa capacidade orzamentaria a ampliación desta terceira fase en Vilar do Colo e quedou de vir xa có proxecto totalmente revisado e con tódalas puntualizacións que se lle poidan facer ou non ao mesmo e a finais de maio facer unha visita a Fene e poder xa concretar definitivamente se hai ou non que tocarlle en algo ao proxecto de ampliación e concretar xa períodos concretos para a sinatura do convenio e que o Concello poida iniciar a modificación puntual do plan para dotar a Vilar do Colo dese millón douscentos mil metros cadrados de solo industrial. Di que, con respecto ao parque de bombeiros mancomunado, é un tema que estése a debater na mancomunidade; que o parque é un acordo a tres bandas entre Ferrol, Narón, a Deputación da Coruña e Xunta de Galicia que representan aos municipios pequenos; que o acordo entre eles estaba pechado, non había ningún inconveniente ata que se remitiu, e así se lles informou na reunión da mancomunidade da semana pasada, a proposta definitiva de convenio para asinar entre tódolos Concellos implicados porque parece ser que se producía unha variación con respecto ao falado inicialmente; que a proposta inicial era dun parque de bombeiros novo, que se fixera e Ferrol correría cós gastos do terreo onde se ía ubicar ese parque, Narón corría có vinte por cento dos gastos de incremento de plantilla, de incremento salarial que tivesen os bombeiros e a Xunta de Galicia e Deputación farían o novo edificio; que neste último borrador de convenio que se lles envía a discrepancia xurde no sentido de que a Xunta fai o edificio pero non o dota, polo que tería que recaer sobre Ferrol e Narón e estes non están pola labor de pagar esa parte, din que a paguen os Concellos pequenos que non teñen obriga de ter parque de bombeiros comarcal; que os concellos pequenos lóxicamente non están pola labor de poñer cartos para o parque de bombeiros porque non teñen capacidade para facelo e ademáis

non teñen obriga legal de facelo; que aos concellos pequenos os representa a Xunta de Galicia e a Deputación, e estase a negociar nestes momentos por parte de Ferrol e Narón coa Xunta de Galicia e a Deputación para que asuman tamén ese gasto de equipamento do local: di que falou esta semana có presidente da Deputación e que as conversas parece ser que van por bó camiño e están avanzadas e que se iso fáise así poderáse asinar o parque de bombeiros, e que senón hai plans alternativos tamén, é dicir, se non se pode chegar a un acordo entre Ferrol e Narón, Ferrol ten o seu parque de bombeiros, porque ten a obriga de telo, Narón ten a obriga de telo e que non o ten, có cal tería que facer o seu parque de bombeiros, e os demais Concellos, e iso si que lle aseguran tanto desde a Deputación como desde a Xunta que, non quedarían desamparados e se faría un parque de bombeiros comarcal para os Concellos pequenos que non teñen obriga de telo; que en todo caso a opción prioritaria é ter un só parque de bombeiros para toda a comarca; que cando haxa algunha novidade máis poderá informar mellor.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido manifesta que en canto ao peche da piscina municipal, de momento, ata o día de hoxe, no departamento non hai ningunha queixa por parte de ningún usuario e que persoalmente onte e hoxe estivo no pavillón para comprobar a asistencia ás actividades que se ofertaron como alternativas, sen custo algún para os usuarios, e que o luns 19 estará aberta a piscina.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e vinte minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.